



17<sup>a</sup> Conferencia de Presidentes das Asembleas Lexislativas Rexionais da  
Unión Europea (CALRE)

do 20 ao 22 outubro 2013, Bruxelas

Declaración de Bruxelas

Os presidentes, tras participaren na 17<sup>a</sup> Conferencia de Asembleas Lexislativas Rexionais da Unión Europea os días 21 e 22 de outubro en Bruxelas,

Parlement de la Région de Bruxelles-Capitale - Brussels Hoofdstedelijk  
Parlement

Parlement wallon

Parlement de la Fédération Wallonie-Bruxelles

Parlament der deutschsprachigen Gemeinschaft

Landtag von Baden-Württemberg

Sächsischer Landtag

Parlamento de Extremadura

Parlament de les Illes Balears - Parlamento de las Islas Baleares

Parlamento de Galicia

Parlamento de Murcia

Parlamento de Canarias

Parlamento de Castilla-La-Mancha

Parlamento de Andalucía

Parlamento de la Rioja

Eusko Legebiltzarra - Parlamento Vasco

Consiglio regionale de Trentino-Alto-Adige - Regionalrat Trentino-Südtirol

Consiglio regionale dell'Abruzzo

Consiglio regionale del Veneto

Consiglio regionale dell'Umbria

Consiglio regionale de Lombardia  
Consiglio regionale del Friuli Venezia Giulia  
Consiglio regionale del Lazio  
Consiglio regionale della Puglia  
Consiglio regionale del Molise  
Consiglio regionale della Sicilia  
Consiglio regionale del Piemonte  
Landtag von Niederösterreich  
Landtag von Steiermarck  
Assembleia Legislativa da Região Autónoma dos Açores  
Ålands Lagting  
Cynulliad Cenedlaethol Cymru - National Assembly for Wales

adoptaron, de común acordo, a seguinte declaración:

### 1. Consideracións xerais

As rexións membros da CALRE, tendo en conta as súas significativas diferenzas culturais, lingüísticas, territoriais, económicas e sociais e as súas diferentes competencias lexislativas, esforzaranse por traballar de forma conxunta e asumir a súa responsabilidade como órganos lexislativos dentro do seu centro de referencia común: a Unión Europea.

É esencial que as asembleas rexionais pensen máis en termos europeos. Deben asumir os seus roles de asembleas rexionais dentro da UE, ademais dos que desempeñan dentro dos seus respectivos estados.

Europa está a definir cada vez máis regulacións aplicables a nivel nacional. A vida cotiá dos nosos cidadáns está cada vez máis influenciada polas decisións tomadas a nivel europeo, coas asembleas rexionais incorporando á súa lexislación as Directivas elaboradas no ámbito da Unión Europea. Co fin de evitar limitar o seu papel ao dun organismo simplemente burocrático, as asembleas rexionais deben, xa que logo, ser tan proactivas como sexa posible con respecto ás institucións europeas.

Mentres que a existencia da UE nos permite gozar dos beneficios dunha lexislación harmonizada na definición dalgunhas políticas, a protección, desenvolvemento e promoción da rica diversidade lingüística, territorial e cultural de Europa debe continuar sendo un compoñente esencial do proxecto europeo. As rexións desempeñan un papel vital nesta misión.

Con isto en mente, é esencial que as asembleas rexionais manteñan e

consoliden os vínculos establecidos na Asemblea Xeral celebrada en Oviedo en 1997. Por medio da súa propia existencia e a través das súas actividades, a CALRE continúa a traballar na persecución deste obxectivo.

Ben que que a representación das mulleres nos parlamentos rexionais é case igual á media da UE - 28, a proporción de mulleres non acadada aínda a súa máis ampla representación na sociedade. Por iso é importante que as asembleas da CALRE se comprometan a traballar para mellorar a posición das mulleres nas súas respectivas asembleas.

## 2. O papel dos parlamentos rexionais na Unión Europea

As institucións europeas teñen o excesivamente frecuente costume de se dirixir directamente aos Estados membros a pesar de que, en determinadas políticas, as rexións dispoñen de competencias lexislativas e serían o interlocutor máis apropiado debido á súa experiencia e coñecementos en certas áreas. Unha maior eficiencia na política europea requirirá, polo tanto, unha consulta máis ampla e unha mellor consideración das perspectivas rexionais.

Por outro lado, a CALRE considera que o diálogo propugnado co Parlamento Europeo debe continuar permitindo unha intensificación da colaboración institucional a nivel parlamentario europeo. A cooperación é a característica fundamental do parlamentarismo que se axusta á actualidade.

A CALRE acolle con satisfacción a predisposición da Comisión Europea a establecer un diálogo coas entidades rexionais na etapa preliminar do proceso de elaboración lexislativo e a discusión do programa de traballo anual da Comisión. A CALRE confirma a súa dispoñibilidade para establecer un diálogo directo coa Comisión Europea co fin de ter máis en conta a diversidade territorial, constitucional e cultural das rexións europeas, así como as características específicas de cada unha delas.

O Comité das Rexións desempeña un papel importante como “caixa de resonancia” das demandas rexionais a nivel europeo. Máis ca nunca, a CALRE desexa manter os vínculos e a excelente colaboración que ten co Comité das Rexións e, se é posible, articular mellor as relacións con esta institución. A definición, por parte das rexións con poder lexislativo, das súas prioridades políticas, a xestión das súas respectivas competencias e a responsabilidade dos seus líderes cara ao seu electorado confírelles experiencia, coñecementos e lexitimidade con respecto aos seus contactos europeos. Isto, polo tanto, xustifica que ocupen un lugar máis

importante dentro da Unión e as súas institucións.

As asembleas rexionais están cada vez máis influenciadas no seu traballo polos asuntos europeos. A aplicación, a nivel rexional, de determinadas disposicións europeas proporciona ás rexións un papel clave como difusores da "voz" de Europa. As rexións son, en efecto, un importante transmisor das políticas europeas sobre o terreo. Están ben situadas para pór de relevo as características únicas do seu territorio fronte ás institucións europeas e para aplicar a lexislación europea de acordo coas características específicas que cada situación rexional poida presentar.

Por último, a CALRE confirma a súa determinación e vontade de cooperar coas organizacións rexionais nos diferentes niveis de competencia, tendo en conta que hai áreas de actividade comúns que poderían conducir a accións comúns marcadas por unha maior eficiencia, un mellor uso de sinerxías positivas e un considerable aforro de enerxía e recursos.

A CALRE é consciente de que debe ser mellor coñecida, entre outros medios, convidando observadores procedentes de rexións que amosan interese nas súas actividades.

### 3. As asembleas rexionais e o control da subsidiariedade

Desde o establecemento da Rede de Control da Subsidiariedade e a creación da base de datos REGPEX, as asembleas rexionais téñense amosado activas no control ou seguimento da subsidiariedade e están expresando cada vez máis as súas opinións sobre a lexislación europea proposta. No entanto, mentres que certas asembleas asumiron esta función dunha maneira eficaz, a práctica aínda non está moi estendida en todas as asembleas.

A CALRE insta todas as asembleas que aínda non estean activas neste sentido a aproveitaren a capacidade que se lles outorgou para comprobar se a lexislación europea proposta respecta o principio de subsidiariedade. A mellora da lexislación europea exige unha maior mobilización das asembleas rexionais.

A CALRE salienta que, tras case catro anos desde que o mecanismo de alerta temperá da subsidiariedade entrou en vigor, queda claro que o prazo de 8 semanas para o control da subsidiariedade non dá aos parlamentos, especialmente aos parlamentos rexionais con competencias lexislativas, o tempo suficiente para un exame completo das novas propostas lexislativas da UE. Os limiares para activar os mecanismos dos "cartóns amarelos" e o "cartón laranxa" teñen demostrado seren demasiado altos xa que, en catro

anos, o quórum para o "cartón amarelo" acadouse tan só unha vez.

Polo tanto, a CALRE insta, no marco da próxima modificación dos tratados europeos, a unha ampliación substancial da expresión de control da subsidiariedade, así como a unha redución dos limiares necesarios para o "cartón amarelo" e o "cartón laranxa".

Algunhas asembleas presentan as súas opinións de subsidiariedade directamente á Comisión Europea. A CALRE insta a Comisión a introducir a práctica de enviar as opinións de subsidiariedade directamente á Comisión nos informes anuais sobre a subsidiariedade e as relacións cos Parlamentos nacionais.

É desexable un intercambio de información máis extenso e unhas mellores prácticas entre as asembleas. A CALRE esforzarase por establecer procedementos de colaboración para garantir un mellor intercambio de información entre as rexións. Así mesmo, deberían recollerse opinións de subsidiariedade das diferentes asembleas sobre asuntos importantes de actualidade, co fin de obter unha visión xeral dos puntos de vista das asembleas rexionais. Esta visión xeral constituiría o punto de vista da CALRE sobre un tema particular e tería máis peso que a suma das diferentes opinións.

Co fin de difundir mellor as diferentes opinións de subsidiariedade emitidas polas asembleas rexionais, a CALRE acolle con satisfacción a iniciativa da Rede de Control da Subsidiariedade de proporcionar un resumo das súas opinións. Este proceso permitiralles ás asembleas rexionais obter un mellor coñecemento do contido das opinións expresadas sobre a subsidiariedade por parte das outras asembleas rexionais.

Aínda que as asembleas rexionais adoptan actualmente opinións atinentes á subsidiariedade, estas, no entanto, non entran aínda no marco do procedemento formal establecido polo Protocolo nº 2, do TFUE, que se reserva para as asembleas nacionais.

Non obstante, tal e como ocorre co sistema vixente en Bélxica, as asembleas nacionais poderían asumir o rol de transmisores fronte ás asembleas rexionais a escala europea, coa condición de que a opinión de subsidiariedade se refira ás competencias rexionais.

A CALRE insta as asembleas nacionais dos Estados membros con rexións con poderes lexislativos a transmitir ás institucións europeas as opinións de subsidiariedade emitidas polas asembleas rexionais. O seguimento formal de

subsidiariedade non pode limitarse ás competencias asumidas no ámbito nacional.

#### 4. Orzamento europeo

Ben que a CALRE acolle con satisfacción a sinatura dun compromiso entre o Parlamento Europeo e o Consello en relación co marco financeiro plurianual 2014-2020, continúa, non obstante, preocupada polas cantidades dedicadas a este orzamento.

Por desgraza, preséntase a dúbida de se as reducións no gasto en innovación, investigación, transporte e enerxía son realmente para contrarrestar os ambiciosos obxectivos que a Unión Europea ten fixados. O logro dos obxectivos da estratexia do 2020 require un investimento significativo. Polo tanto, a cuestión é se o marco financeiro plurianual se encontra á altura dos ambiciosos obxectivos declarados. A necesidade de investir en infraestrutura europea é esencial para asegurar un futuro próspero para a Unión Europea e os seus Estados membros.

Este investimento correrá en parte a cargo de Europa, os Estados membros e as súas entidades rexionais. O investimento a nivel europeo permitiría, no caso de que teña un claro valor engadido, lograr importantes economías de escala, liberando así unha partida orzamentaria adicional para outros investimentos.

Un investimento significativo nestes sectores durante os vindeiros anos proporcionaría ademais traballo a algúns dos 27 millóns de desempregados que existen actualmente na Unión Europea.

A gobernanza a varios niveis e a cooperación entre os distintos niveis de goberno son esenciais para mellorar a aplicación dos fondos co fin de acadar os obxectivos da estratexia do 2020.

#### 5. Eleccións europeas 2014

As asembleas rexionais deben tamén apoiar todas as iniciativas encamiñadas a reducir o déficit democrático da Unión Europea. Este obxectivo lograse, entre outras cosas, cunha mellor representatividade dos deputados do Parlamento Europeo.

Unha efectiva representatividade no Parlamento Europeo exige unha maior participación nas próximas eleccións en comparación coas cifras obtidas no

2009. É imprescindible acadar un ritmo satisfactorio de participación para que o resultado das eleccións realmente transmita a dirección política que debe darse á Unión Europea. Se a taxa de participación é demasiado baixa existe o risco de escurecer a dirección cara á que os cidadáns queren levar a Unión.

Conseguir a mobilización dos cidadáns require unha comprensión axeitada dos problemas políticos, económicos e sociais destas eleccións. Cómpre pór no seu debido lugar o carácter transnacional desta cita electoral.

A CALRE insta os principais actores da próxima campaña electoral a que dean a debida importancia aos asuntos europeos.

Fronte ao certo grao de desconfianza que senten os cidadáns cara á Unión Europea, é fundamental aplacar a fenda que se abriu entre as institucións europeas e a poboación. Isto representa un importante desafío para os verdadeiros europeístas. As asembleas rexionais tentarán, na medida do posible, animar os cidadáns a tomaren conciencia da importancia das cuestións relacionadas coas eleccións europeas. A CALRE acolle con satisfacción as iniciativas que se levaron a cabo este ano neste sentido.

## 6. Futuro da CALRE

Desde a súa creación, a CALRE foi un lugar de encontro, un lugar para o intercambio de información e para compartir boas prácticas e experiencias comúns entre as asembleas rexionais. Os grupos de traballo permiten centrarse en temas específicos. O consenso xeral é que este método, ben que ten dado lugar a avances nalgunhas áreas, podería ser mellorado.

A CALRE debe garantir que este traballo produce resultados reais a nivel europeo. Con isto en mente, a CALRE iniciou unha análise destinada a redefinir os seus obxectivos e a organización do seu traballo. En particular, tense a intención de reducir os seus custos operativos, acelerar o seu labor e aumentar a difusión dos resultados obtidos, e trasladar un certo número das súas reunións ao centro de Bruxelas, a sede das institucións europeas.

Este enfoque levará un tempo e os seus resultados deberán basearse en conversacións con todos os membros. Temos, no entanto, esperanzas de alcanzar o noso obxectivo. A vontade de traballar xuntos, e o carácter aberto e a proximidade nas relacións entre os membros da CALRE que os caracteriza, garantirán o éxito.